



Edición xestionada
por [Xabier](#)
[Paradelo](#)

FORO

A sección onde
deixares [as túas](#)
[opinións](#),
comentarios ou
suxestións e
debater con outros
internautas.

HISTORIAS DA LIÑA
AZUL

Un [recanto literario](#)
[para participar](#). Non
perdas o convoi.

SUMARIO DE XERFA

Aquí podes
consultar todos os
artigos publicados
até o momento no
[Sumario](#)

ITINERARIO LITERARIO

Un [itinerario](#)
[literario](#) por
Barcelona a partir
de textos galegos
ligados á cidade.

A MAN

A [información](#)
[precisa](#) precisa
para ter á vista:
Entidades Galegas
en Cataluña.

ESTUDAR GALEGO

[Estudar galego en](#)
[Barcelona](#)

SUMARIO DE XERFA

O Camiño de Santiago e os tres sabios: John Rutherford, Basilio Losada e Giuseppe Tavani

[14/03/2005 12:52] Giuseppe Tavani é o tradutor de *La Pellegrina*, novela xacobeá escrita por Basilio Losada e publicada orixinariamente en español que acaba de publicarse en Italia. Por outra parte, entre as novidades do inverno do libro galego ocupa un lugar de seu un singular libro de viaxes novelado, *As frechas de ouro* de John Rutherford. O Camiño une esta tríade de sabios que comparten un intenso traballo a prol da difusión da galeguística no mundo. Por **Helena González**.



[La Nuova Frontiera](#) é unha editora romana especializada en literatura infantil que diferencia o seu fondo para adultos cunha importantísima presenza de escritores lusófonos verquidos ao italiano. Velaí os están José Luis Peixoto, José Eduardo Agualusa, Paulina Chiziane... e mais unha escritora compostelá en español, Cristina Sánchez-Andrade, da que elixen a súa primeira novela *Le lucertole hanno l'odore dell'erba* (*Las lagartijas huelen a hierba*). Agora La Nuova Frontiera abre colección, "Romanzi Storici", con esta tradución do único texto de ficción de Basilio Losada. O libro orixinalmente foi publicado en español co título *La Peregrina*, aínda que polas gabetas de Basilio Losada anda unha versión en galego, ou para mellor dicir, un outro orixinal, máis longo, que agarda ver a luz co título orixinal deste proxecto de ficción, *A princesiña de Francia*. Mentres o texto galego agarda, non queda máis remedio que botar man da lectura da versión en español e as súas traducións. Lembro cando se presentou a versión en español coa presenza de Manuel Vázquez Montalbán, que fora alumno de Losada: o Montalbán crítico volveu demostrar que era un aplicadísimo lector que sempre redactaba os seus comentarios, agudos e xenerosos, dos libros que presentaba. Por certo que, pouco despois era o propio Montalbán quen regresaba a Galicia e ao medio no seu *Erec y Enide*, con aquela portada envolta no neboeiro matinal e a illa de San Simón ao fondo.

O tradutor ao italiano de *La Pellegrina*, Giuseppe Tavani, é un especialista eminente na literatura medieval galega, e investigador de referencia na Universidade de Roma, "La Sapienza". Se cadra porque o seu traballo como investigador consistiu en desvelar os textos, ao pechar o libro o Tavani-tradutor non pode evitar intervir na lectura e engádelle un epílogo. Nel desvélese a clave sobre o que demostra a narración: a imposibilidade dos milagres (*falou Roma*). Tavani e Losada, amigos de vello, teñen ademais deste libro outras cousas en común, especialmente un humor inquebrantable que distingue a estes sabios de pelo cano. Por iso o de Roma escribiulle ao amigo de Barcelona, co gallo da súa xubilación unha "Cantiga de amigo para Basilio Losada", da que tiro un anaco:

[...] *Ben ajades, Basílio, meu amigo!*
Honor vós sodes da galega grei
e leterado de mui boa lei:
alegrai-vos agora, treides migo
a lo mar de Vigo.

Ben ajades, Basílio, eu vo-lo digo:
trabalhámos e agora trebelhemos
deixando-nos de coitas, pois iremos
ça-fa-la academia: e treides migo
a lo mar de Vigo. [...]

Pásolle o pecho ao triángulo. Hai uns poucos meses outro sabio, John Rutherford, cerne dos estudos de galego nas universidades inglesas, e mantedor do centro de estudos de Oxford, tamén se aventurou no seu

último libro no camiño xacobeo cunha novela, en galego!, *As frechas de ouro*. Velaí o triángulo de sabios inscritos na circunferencia do camiño de Santiago: Rutherford, Losada, Tavani, figuras fundamentais dos estudos de galego nas universidades do mundo (Oxford, Barcelona, Roma), unidos na ficción xacobeá. *Ben ajades!*

Basilio Losada

La Pellegrina

Introduzione di José Saramago

Trad. Giuseppe Tavani

Roma | [La Nuova Frontiera](#) | 2004 | Col. Il Basilisco

ISBN 88-8373-054-2

La Peregrina

Prólogo de José Saramago

Barcelona | Grijalbo | 1999 | Col. Revelaciones

John Rutherford

As frechas de ouro

Vigo | Galaxia | 2004

Giuseppe Tavani

"Cantiga de amigo para Basílio Losada"

Professor Basilio Losada. Ensinar a pensar con liberdade e risco

Eds. I. de Riquer, E. Losada e H. González,

Barcelona | Publicacions de la UB | 2000 | p. 134

14/03/2005 © Helena González

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [VII Concurso de Música e Baile Tradicional Galego en Catalunya](#)
- ❑ [Reiníciense as entregas do Itinerario 'Barcelona na literatura galega'](#)
- ❑ [Álvaro Cuqueiro: 'Rondeau en louvor d-unha dona catalana'](#)
- ❑ [O tradutor ao catalán de Teresa Moure: 'O texto non é sagrado: non hai nada que traizoar'](#)
- ❑ [Conferencia da escritora Teresa Moure: "Herba moura"](#)
- ❑ [A reportaxe "Mexillóns, dornas e unha gaita" do Canal 33 xa se pode ver na rede](#)
- ❑ [Benaventurados os fillos de Don Quixote](#)
- ❑ ['Viaxes' de David Pintor en Sargadelos Barcelona](#)
- ❑ [Unha boa escolma da pintura figurativa](#)
- ❑ [Obrigadísimo, Quico&Narf](#)